




**1. EMPRAZAMENTO**



**DATOS XERAIS**

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Arousa. Municipio: Illa de Arousa. Parroquias: San Xulián da Illa de Arousa. Extensión: 6,33km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

A meteorización diferencial do substrato granítico imperante na zona e a posterior subida do nivel mariño, deron lugar a que áreas máis resistentes quedasen en resalte e illadas formando arquipélagos e grandes illas como a de Arousa. Costa moi recortada aparecendo multitude de formas erosivas e sedimentarias como puntas, calas, enseadas e areais. A densa rede de fracturas favoreceu a formación de enseadas como as de San Xulián, Brava e Cova do Fiel. Con respecto aos areais, identifícanse numerosas tipoloxías en todo o perímetro aínda que son máis frecuentes e de maior tamaño na parte interna da Illa, destacando as frechas areosas de Camaxe e do Vao en torno á ponte, ou as praias de Salinas e Xestelas ao sur onde tamén hai que destacar o Complexo Intermareal de Punta Carreirón. O relevo interior é unha combinación de formas aplanadas con pequenas elevacións (como os altos de Carreirón e Monte do Santo) configurando unha paisaxe ondulada característica do modelado granítico.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A maior parte desta unidade componse de Granodioritas e Granitos biotíticos da Serie de Caldas de Reis, de Época tardihercínica. As principais enseadas, as de San Xulián e a de Brava, sitúanse nos puntos de fractura correspondentes ás liñas de falla, e nas cales tivo lugar a deposición de materiais sedimentarios cuaternarios do Holoceno, dando orixe ás praias actuais. Tamén teñen a mesma orixe os areais que flanquean a Punta do Vao, no extremo oriental da Illa de Arousa.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Condições climáticas homoxéneas tanto na Illa de Arousa e como en todo o arquipélago caracterizadas por un réxime ombrotérmico Cálido e Húmido: as temperaturas son suaves con valores medios anuais que non baixan de 15°C e a amplitude térmica rolda os 13°C. As precipitacións medias oscilan entre 1200mm e 1400mm ao ano.

#### OS SOLOS

Dominio dos solos evolucionados tipo cambisol dístico na maior parte da Illa de Arousa. Nas pequenas elevacións como o Monte do Santo os solos están menos desenvolvidos e dan lugar a umbrisois dísticos. Polo demais mencionar os antropois en torno ao núcleo urbano e solos costeiros en todo o perímetro insular relacionados cos depósitos areosos, areosos álbicos e háplicos, e fluvisois en tramos de enseada. No arquipélago da Rúa e Os Guidoiros os solos son esqueléticos e dominan os afloramentos de granito en superficie cun perímetro costeiro de sedimentos areosos.


#### AS AUGAS

O pouco desenvolvemento continental desta unidade restrinxe a existencia de arrosios destacados, exceptuando aqueles que de forma temporal escavan pequenas valgadas próximas á liña costeira. O norte da Illa de Arousa atópase baixo a influencia das Augas Costeiras 20160 da Ría de Arousa, mentres que o resto do arquipélago pertence a outra masa de Augas Costeiras máis exterior (20150).

#### O PATRIMONIO NATURAL

Costa do lba Contorna mariña das Rías Baixas. De Enseada da Brava cara ao S., ademais das illas menores, LIC Complexo Ons-O Grove. Costa mixta en sucesión de pequenos tramos rochosos e sedimentarios, sendo sedimentaria a costa interior, entre as puntas Furado e Xestelas. Na Illa de Arousa aparecen frecuentemente os hábitats 1110 e 1140, bancos areosos e/ou lamacentos intermareais e submareais. Fronte costeira propicia para o 1210, vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. Principais dunas cos hábitats do grupo 21, dunas marítimas atlánticas, na frecha do Vao, Area da Secada, Praia de Xestelas, zona do Carreirón e Illote Guidoiro Areoso. Ao interior intensa ocupación agrícola, forestal e construtiva, aínda que o abandono da agricultura posibilita a aparición de bosquetes de frondosas de orixe mixta, ripícola (91E0) e de recolonización. Aparecen formacións de interese na área deprimida das Aceñas ou trala Praia do Agullón. Cóntase con citas do taxon vulnerable protexido Linaria arenaria.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

Os usos do solo adaptáanse ao carácter insular da unidade na que predominan os espazos abertos cubertos de formacións vexetais costeiras. Os terreos dedicados a labores agrícolas circunscríbense á contorna da vila e a súa extensión é pouco representativa en comparación con outros aproveitamentos maioritarios. Toda a orla litoral está salpicada de praias entre as que se intercala algún sector cantil, de escasa potencia, de entre os que destaca o situado na contorna de Punta Cabalo. Ao sur da unidade predominan as matogueiras que comparten espazo con parcelas dedicadas a monocultivos forestais, especialmente de piñeiro, entre os que se intercalan algunhas edificacións e pequenos rodais de carballo. En todo o espazo costeiro dánse aproveitamentos marisqueiros dada a riqueza en bivalvos de todo o litoral insular.

#### MORFOLOXÍA

Existen probas documentadas da colonización deste territorio dende a Idade de Bronce, con presenza da civilización romana, normanda e musulmá. O asentamento orixinal desenvolveuse ao redor da Enseada Sur de San Xulián, debido ás súas óptimas características orográficas. O seu crecemento estivo sempre condicionado polas características xeográficas, cun desenvolvemento lineal ao longo do istmo. Unha vez colmatado, a construción expandiuse polas partes baixas da ladeira do Monte do Santo e as terras que antes se dedicaban á agricultura en Paradela e Os Castriños. En liñas xerais trátase dunha poboación compacta e densa, exceptuando os crecementsos máis recentes que, mediante unha tipoloxía de residencia unifamiliar illada, ocupan parcelas anteriormente agrícolas no extremo oriental e determinadas zonas centrais e meridionais. As tensións introducidas pola construción da ponte en 1985 favoreceron un crecemento lineal ao longo da estrada que o une co núcleo orixinal de Arousa, recoñecido como NIL.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede viaria tradicional, consecuentemente coas dinámicas de poboación do ámbito, tiña unha forte centralidade no núcleo habitado, garantindo a accesibilidade e ás terras de cultivo do oriente e o sur da Illa. A apertura en 1985 da ponte que une a Illa de Arousa coas terras continentais da Comarca do Salnés (estrada PO-307) modificou substancialmente a xerarquía viaria e os patróns de mobilidade, xa que o acceso principal pasou de facerse mediante barcos que chegaban ao porto a realizarse vía rodada dende o leste da Illa. Isto influíu non só na maneira de desprazarse dentro do ámbito, senón e sobre todo nas tendencias de crecemento da poboación. A apertura de novas vías cara ao sur, como a EP-9802, potencian esta nova intención de prolongar o crecemento cara ás terras meridionais tradicionalmente pouco urbanizadas.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Actualmente existen poucos restos arqueolóxicos salientables no ámbito, destacan as Mámoas de Guidoiro na illa de mesmo nome e os depósitos de Punta Riasón e da Praia do Naso. Entre o patrimonio arquitectónico, son reseñables os elementos de patrimonio industrial que se conservan ao longo da costa, como a Conserveira de Godoy, considerada como a primeira fábrica de conservas da Idade Moderna ou varias chemineas de antigas fábricas conserveiras. Tamén se poden citar a igrexa parroquial de Santa Xulián, de estilo neoclásico construída en 1817 cos restos das torres que servían para avisar das invasións normandas. Dentro da arquitectura civil destacan as casas de estilo modernista e outras edificacións e construcións de carácter popular vencelladas á pesca e a tradición mariñeira.

### O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Unidade paisaxística caracterizada pola súa natureza insular, que condiciona todos os fenómenos antrópicos que se desenvolven nela. Á súa vez, o forte sinal de actividades humanas condiciona as características paisaxísticas da unidade. A tradicional concentración da poboación na parte setentrional da Illa posibilitou que se conservasen relativamente pouco alteradas as características naturais da zona central e meridional, aínda que agora empezan a aparecer fenómenos residenciais tamén nestas áreas. Os procesos de substitución da actividade agrícola por novos usos residenciais, así como a extensión da superficie de matogueiras costeiras e os pequenos bosquetes de repoboación, constrúen unha paisaxe fragmentada, onde a actividade agraria xoga un papel pouco relevante, limitada ao extremo oriental de parte norte.

### DINÁMICA DA PAISAXE

A Illa de Arousa foi un territorio historicamente illado, xa que o marítimo era o único acceso que tiña dende as terras continentais da Comarca do Salnés. A pesar disto, sempre constituíu un núcleo de actividade humana, ben sexa pola súa privilexiada posición (no s. XII Xelmírez organizou a defensa da costa ante a invasión musulmá dende esta illa) ou pola riqueza natural da súa contorna (dende mediados do s. XIX desenvolveuse a industria de salga e pesca de sardiña, xerme da puxante explotación conserveira de mediados do século pasado). A construción en 1985 da ponte que une a Illa coas terras continentais supuxo, sen dúbida, a transformación máis importante nesta contorna en toda a súa historia. A comunicación rodada directa significou un aumento dos intercambios comerciais e das potencialidades turísticas da Illa, co subseguinte aumento da presión construtora para dar resposta a estas novas demandas. Modificou, así mesmo, a tendencia do crecemento residencial, ao introducir unha nova tensión cara ao sueste onde non había tradicionalmente ocupación residencial.



### RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

## 3. AVALIACIÓN

### VALORACIÓN DA PAISAXE

Territorio de gran singularidade paisaxística debido ás súas excepcionais características naturais. A ausencia de colonización antrópica na parte meridional da Illa permitiu que o Complexo Intermareal de Punta de Carreirón se conservase en óptimo estado até os nosos días, formando parte do Complexo Intermareal Umia-Grove (humidal de importancia internacional dentro da rede Ramsar) e, xunto ás illas do arquipélago de Rúa e Os Guidoiros, da Rede Natura 2000. O puxante pasado industrial, coa Illa de Arousa convertida en potencia conserveira durante o s.XIX, deixou a súa pegada no territorio con numerosas fábricas conserveiras e de salga distribuídas ao longo da costa e no núcleo histórico. Pola súa posición fronte á costa de Vilanova e relativa proximidade á costa de Pobra do Caramiñal trátase dunha paisaxe insular cunha gran conexión visual cos territorios continentais. Dende o alto do Monte do Santo ao norte ou os promontorios de Punta Arnelas ou Punta Banqueira cara ao sur obtéñense visións lonxitudinais da paisaxe e aberturas visuais cara ás terras continentais.



#### 4. PLANIFICACIÓN

##### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ACCÍONS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Crecedamentos espontáneos localizados no noroeste e sur da illa á marxe dos asentamentos tradicionais. Na zona setentrional prodúcese crecedamentos dispersos desligados do núcleo tradicional do Cantiño que inician unha evidente ocupación das abas do próximo Monte do Santo así como das marxes do vial que bordea a Punta de Testos. Na zona sur da illa, non obstante, formalízase mediante unha serie de edificacións de carácter espontáneo apoiadas no eixe da estrada PO-9802 que permite o acceso ata a Enseada da Brava, e fundamentalmente en no sector entre a mencionada enseada e a Praia do Espiñeiro máis ao norte (As Aceñas). En ambos os dous casos preténdese a mellora da fachada litoral ordenando os usos do solo e evitando a implantación de novas vivendas unifamiliares que deterioren o conxunto. Preténdese, polo tanto, mellorar tanto a escena rural coma a integración paisaxística do conxunto sen que isto supoña un menoscabo dos seus valores.

#### Lenda / Leyenda

##### Usos do solo / Usos del suelo

- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales                               |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

##### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

##### Hidrografía / Hidrografía

##### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





##### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

##### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |











##### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

##### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

##### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

##### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:27.095

0 100 200 400 600 800  
Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, huso 29



